

2020  
2021



FORMACIÓN  
PROFESIONAL



Familia profesional

Seguridade e  
medio ambiente

o futuro  
nas túas mans

XUNTA DE GALICIA

# CS Educación e control ambiental

Ciclo formativo de grao superior		Título LOE
	Perfil profesional	Duración
		<b>2.000 horas</b>

**Que se aprende a facer?** Sensibilizar e educar a poboación, promovendo actitudes que contribúan á conservación e a mellora do medio, informando sobre os seus valores e os problemas ambientais, capacitando para unha correcta toma de decisións, deseñando actividades para o seu coñecemento e un uso baseado en principios de sustentabilidade, así como realizar accións de xestión ambiental para controlar e protexer o medio, aplicando a normativa.

**En que ámbitos se traballa?** En calquera organización de carácter público ou privado, que teña como obxecto o control ambiental e os seus recursos, o desenvolvemento de programas de educación ambiental (información, comunicación, formación, interpretación e participación), a realización de actividades de guía-intérprete e acompañamento polo contorno, ou a xestión ambiental.

**Que ocupacións se desempeñan?** Educador/ora ambiental; informador/a ambiental; monitor/a de educación ambiental; documentalista ambiental; guía ambiental; programador/a de actividades ambientais; monitor/a de campañas ambientais; guía-intérprete do patrimonio natural; profesional do servizo de xestión ambiental; profesional do servizo de ambiente; técnico/a en control de espazos naturais, monitor/a da natureza, axente ambiental ou similar, monitor/a de equipamentos ambientais.

**Cales son os módulos deste ciclo?** Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP0787	<b>Actividades humanas e problemática ambiental</b>	133
1º	MP0785	<b>Estrutura e dinámica do ambiente</b>	133
1º	MP0795	Formación e orientación laboral	107
1º	MP0786	<b>Medio natural</b>	187
1º	MP0789	Métodos e produtos cartográficos	80
1º	MP0790	<b>Técnicas de educación ambiental</b>	107
1º	MP0788	Xestión ambiental	213
2º	MP0792	<b>Actividades de uso público</b>	157
2º	MP0793	<b>Desenvolvemento no medio</b>	87
2º	MP0796	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP0797	Formación en centros de traballo	384
2º	MP0017	Habilidades sociais	123
2º	MP0791	<b>Programas de educación ambiental</b>	210
2º	MP0794	Proxecto de educación e control ambiental	26

**Nota.** Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

**Que título se obtén?** Técnico superior en Educación e control ambiental.

Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables
MP0785	Estrutura e dinámica do ambiente.	UC0804_3 Informar sobre o ambiente e os seus valores.
MP0790	Técnicas de educación ambiental.	
MP0786	Medio natural.	UC0083_3 Controlar e vixiar os espazos naturais e o seu uso público.
MP0792	Actividades de uso público.	
MP0787	Actividades humanas e problemática ambiental.	UC0805_3 Interpretar a influencia recíproca das actividades humanas e o medio socionatural.
MP0791	Programas de educación ambiental.	
MP0790	Técnicas de educación ambiental.	UC0806_3 Desenvolver programas de educación ambiental e facilitar procesos educativos.
MP0791	Programas de educación ambiental.	
MP0793	Desenvolvemento no medio.	UC0803_3 Guiar grupos de persoas polo contorno e as súas representacións para contribuír á súa sensibilización e capacitación ambiental.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC0083_3 Controlar e vixiar os espazos naturais e o seu uso público.	MP0792 Actividades de uso público.
UC0083_3 Controlar e vixiar os espazos naturais e o seu uso público.	MP0786 Medio natural.
UC0085_3 Controlar o aproveitamento dos recursos cinexéticos e piscícolas.	
UC0803_3 Guiar grupos de persoas polo contorno e as súas representacións para contribuír á súa sensibilización e capacitación ambiental.	MP0793 Desenvolvemento no medio.
UC0804_3 Informar sobre o ambiente e os seus valores.	MP0785 Estrutura e dinámica do ambiente.
UC0805_3 Interpretar a influencia recíproca das actividades humanas e o medio socionatural.	MP0787 Actividades humanas e problemática ambiental.
UC0805_3 Interpretar a influencia recíproca das actividades humanas e o medio socionatural.	MP0790 Técnicas de educación ambiental. MP0791 Programas de educación ambiental.
UC0806_3 Desenvolver programas de educación ambiental e facilitar procesos educativos.	

Nota. O módulo profesional MP0789: métodos e produtos cartográficos validarase cando se teñan acreditadas as unidades de competencia UC0083\_3: controlar e vixiar os espazos naturais e o seu uso público e UC0085\_3: controlar o aproveitamento dos recursos cinexéticos e piscícolas.

# CS Química e saúde ambiental

Ciclo formativo de grao superior		Título LOE
Perfil profesional	Duración	
<b>2.000 horas</b>		

**Que se aprende a facer?** Vixiar e controlar os efectos sobre a saúde dos factores de risco ambiental e alimentario, participar na posta en marcha e no desenvolvemento de sistemas de xestión ambiental e intervir en programas de educación para a saúde pública e comunitaria, baixo a supervisión, de ser o caso, do/da superior responsable, de acordo cos protocolos establecidos, respectando a normativa de referencia, e en condicións de calidade e seguridade.

**En que ámbitos se traballa?** No ámbito sanitario dentro da área da saúde pública ou privada, en sectores produtivos potencialmente contaminadores e na administración estatal, autonómica e local en servizos relacionados coa saúde e/ou o ambiente. Poden formar parte de equipos de inspección sanitaria, de laboratorios de análises, centros de investigación, centros universitarios, explotacións agrarias e empresas de servizos de control ambiental.

**Que ocupacións se desempeñan?** Técnico/a en xestión ambiental, coordinador/a de sistemas de xestión ambiental, programador/a de actividades ambientais, documentalista ambiental, técnico/a de control sanitario (alimentos, augas, atmosfera, residuos...), técnico/a de control de contaminación atmosférica, técnico/a de control de contaminación acústica, técnico/a de control de organismos nocivos, técnico/a en control de pragas no medio urbano e na contorna natural asociada, e comercial de información de produtos biocidas e fitosanitarios.

**Caes son os módulos deste ciclo?** Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.

Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
1º	MP1548	<b>Control de augas</b>	319
1º	MP1553	<b>Control de organismos nocivos</b>	160
1º	MP1549	<b>Control de residuos</b>	107
1º	MP1547	<b>Educación para a saúde e o ambiente</b>	107
1º	MP1556	Formación e orientación laboral	107
1º	MPI009	Lingua estranxeira profesional I	53
1º	MP1546	<b>Sistemas de xestión ambiental</b>	107
2º	MP1552	<b>Contaminación ambiental e atmosférica</b>	140
2º	MP1551	<b>Control e seguridade alimentaria</b>	192
2º	MP1557	Empresa e iniciativa emprendedora	53
2º	MP1558	Formación en centros de traballo	384
2º	MPI010	Lingua estranxeira profesional II	53
2º	MP1555	Proxecto de química e saúde ambiental	26
2º	MP1550	<b>Saúde e riscos do medio construído</b>	105
2º	MP1554	<b>Unidade de saúde ambiental</b>	87

**Nota.** Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

**Que título se obtén?** Técnico superior en Química e saúde ambiental.



Que unidades de competencia se acreditan?

A táboa seguinte reflicte, na columna da dereita, as unidades de competencia que se acreditarán se se superan os módulos profesionais deste ciclo formativo que se relacionan na columna da esquerda.

Módulos profesionais superados		Unidades de competencia acreditables
MP1546	Sistemas de xestión ambiental.	UC1971_3 Xestionar a documentación normativa relativa ao sistema de xestión ambiental (SXA) da organización. UC1973_3 Executar a posta en marcha e o mantemento do sistema de xestión ambiental (SXA). UC1974_3 Avaliar os riscos ambientais para a prevención de accidentes.
MP1547	Educación para a saúde e o ambiente.	UC1604_3 Promover a saúde das persoas e da comunidade a través de actividades de educación en saúde pública.
MP1548	Control de augas.	UC1598_3 Realizar operacións técnicas de prevención e control dos riscos para a saúde da poboación, asociados ao uso e consumo da auga.
MP1549	Control de residuos.	UC1599_3 Realizar operacións técnicas de prevención e control dos riscos para a saúde da poboación, asociados á produción e a xestión de residuos sólidos.
MP1550	Saúde e riscos do medio construído.	UC1600_3 Realizar operacións técnicas de prevención e control dos riscos para a saúde da poboación, asociados ao medio construído.
MP1551	Control e seguridade alimentaria.	UC1601_3 Realizar operacións técnicas de prevención e control dos riscos para a saúde da poboación, asociados aos alimentos.
MP1552	Contaminación ambiental e atmosférica.	UC1602_3 Realizar operacións técnicas de prevención e control dos riscos para a saúde da poboación, asociados á contaminación atmosférica. UC1615_3 Realizar as operacións de toma de mostras e medición da contaminación atmosférica.

Que módulos profesionais se validan?

A táboa seguinte detalla, na columna da esquerda, as unidades de competencia que deben acreditarse exclusivamente a través do procedemento de acreditación de competencias ou mediante certificados de profesionalidade, para que se poidan validar os módulos profesionais deste ciclo formativo que figuran na columna da dereita.

Unidades de competencia acreditadas	Módulos profesionais validables
UC1971_3 Xestionar a documentación normativa relativa ao sistema de xestión ambiental (SXA) da organización. UC1973_3 Executar a posta en marcha e o mantemento do sistema de xestión ambiental (SXA). UC1974_3 Avaliar os riscos ambientais para a prevención de accidentes.	MP1546 Sistemas de xestión ambiental.
UC1604_3 Promover a saúde das persoas e da comunidade a través de actividades de educación en saúde pública.	MP1547 Educación para a saúde e o ambiente.
UC1598_3 Realizar operacións técnicas de prevención e control dos riscos para a saúde da poboación, asociados ao uso e consumo da auga.	MP1548 Control de augas.
UC1599_3 Realizar operacións técnicas de prevención e control dos riscos para a saúde da poboación, asociados á produción e a xestión de residuos sólidos.	MP1549 Control de residuos.
UC1600_3 Realizar operacións técnicas de prevención e control dos riscos para a saúde da poboación, asociados ao medio construído.	MP1550 Saúde e riscos do medio construído.
UC1601_3 Realizar operacións técnicas de prevención e control dos riscos para a saúde da poboación, asociados aos alimentos.	MP1551 Control e seguridade alimentaria.
UC1602_3 Realizar operacións técnicas de prevención e control dos riscos para a saúde da poboación, asociados á contaminación atmosférica. UC1615_3 Realizar as operacións de toma de mostras e medición da contaminación atmosférica.	MP1552 Contaminación ambiental e atmosférica.
UC0800_3 Establecer o plan de control de organismos nocivos adecuado á situación de partida e supervisar a súa execución.	MP1553 Control de organismos nocivos.
UC1603_3 Realizar operacións técnicas de prevención e control integral de vectores, no contexto de saúde pública, incluída a xestión do uso de produtos químicos biocidas e fitosanitarios.	
UC1597_3 Xestionar unha unidade de saúde ambiental.	MP1554 Unidade de saúde ambiental.
UC1972_3 Documentar os aspectos ambientais da organización.	

# Información

## Notación

<b>O</b>	Réxime ordinario presencial
<b>A</b>	Réxime de adultos modalidade presencial
<b>D</b>	Réxime de adultos modalidade a distancia
<b>U</b>	FP Dual (empresa e centro educativo)

### CS Educación e control ambiental

#### Pontevedra

Pontearreas	CIFP A Granxa	<b>D</b>	<b>O</b>	886120880	cifp.granxa@edu.xunta.gal
-------------	---------------	----------	----------	-----------	---------------------------

### CS Química e saúde ambiental

#### A Coruña

Coruña, A	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto		<b>O</b>	881960122	cifp.anxel.casal@edu.xunta.gal
Ferrol	IES Concepción Arenal		<b>O</b>	881930170	ies.concepcion.arenal@edu.xunta.gal
Santiago de Compostela	CIFP Politécnico de Santiago		<b>O</b>	881867601	cifp.politecnico.santiago@edu.xunta.gal

#### Lugo

Burela	IES Monte Castelo		<b>O</b>	982828241	ies.monte.castelo@edu.xunta.gal
--------	-------------------	--	----------	-----------	---------------------------------

#### Ourense

Ourense	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel		<b>O</b>	988788470	cifp.carballeira@edu.xunta.gal
---------	-------------------------------------	--	----------	-----------	--------------------------------

#### Pontevedra

Vigo	CIFP Manuel Antonio		<b>O</b>	886120750	cifp.manuel.antonio@edu.xunta.gal
------	---------------------	--	----------	-----------	-----------------------------------



## Onde informarse

**Portal Educativo de Formación Profesional:**  
[www.edu.xunta.gal/fp](http://www.edu.xunta.gal/fp)

## Síguenos en:

-  [facebook.com/fpgalicia](https://facebook.com/fpgalicia)
-  [twitter.com/fpgalicia](https://twitter.com/fpgalicia)
-  [instagram.com/fpgalicia](https://instagram.com/fpgalicia)

#FPGalicia  
#FPDualGalicia  
@fpgalicia

## Departamentos de orientación dos centros educativos

### Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio administrativo de San Caetano

**Santiago de Compostela**

Teléfonos 981 546 538 - 981 544 376

[sxfp@edu.xunta.gal](mailto:sxfp@edu.xunta.gal)



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA